



ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DIA 30 DE XULLO DE 2015

Na Vila de Guitiriz, cando son as 19.30 horas do día 30 de xullo de 2015, reúnense no Salón de Sesiões deste Concello, previa convocatoria realizada ó efecto nos termos legalmente establecidos, os membros integrantes do Concello en Pleno que a continuación se relacionan, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa dona Regina Polín Rodríguez, asistido por min, don Rafael del Barrio Berbel, secretario. Asiste tamén o interventor municipal don Juan Antonio Rey Rivas.

ASISTENTES:

Presidencia:

Dona Regina Polín Rodríguez, Grupo Socialista.

Concelleiros:

Dona Laura Ageitos Miragaya, Grupo Socialista.

Don Carlos Plácido Buján López, Grupo Socialista.

Don Pedro Pérez Fanego, Grupo Socialista.

Don José Manuel Saa Devesa, Grupo Socialista.

Don Daniel Díaz Méndez, Grupo Socialista.

Don Xosé María Teixido Núñez, Grupo Popular.

Don Roberto Sanmartín Barro, Grupo Popular.

Don Francisco José Penas Pardo, Grupo Popular.

Dona María Manuela Carballeira García, Grupo Popular.

Dona Ana Broz Paderne, Grupo Compromiso por Guitiriz

Don Xosé Lois González Souto, Grupo BNG.

Don Jesús Veres Vázquez, Grupo Independente-CG.

AUSENTES:

Ninguén.

Pola Presidencia declárase aberta a sesión e pásase a despachar os asuntos que integran a Orde do Día, que a continuación se indican:

A) SECCIÓN RESOLUTIVA

1º.-Aprobación da acta da sesión constitutiva de data 13/06/2015 e da sesión extraordinaria organizativa de data 2/07/2015.

A Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten algunha observación aos borradores das actas da sesións anteriores de datas 13/06/2015 e 2/07/2015.

Non habendo intervencións son aprobadas por unanimidade.

2º.-Determinación dos días festivos locais para o ano 2016.

A proposta de alcaldía de data 22/07/2015 que foi emendada e informada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 27/07/2015, á que dá lectura o secretario en extracto, é a seguinte:



CONCELLO DE GUITIRIZ
Rúa do Concello, 4
27.300 GUITIRIZ – LUGO
TEL. 982.370.109 FAX 982.372.178

“DETERMINACIÓN DOS DIAS FESTIVOS LOCÍAS PARA O ANO 2016

Dona Regina Polín Rodríguez, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz, no uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Tendo en conta que a Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Traballo e Benestar ten que confeccionar o calendario laboral do ano 2016 para o que precisa que os concellos lle comuniquen os días festivos locais en cada municipio.

Considerando as atribucións conferidas á alcaldía e ao Pleno da Corporación conforme aos artigos 21 e 22 da Lei 7/85 de 2 de Abril.

Propoño ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de asuntos do Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

“PRIMEIRO.- Determinar os seguintes dous días festivos locais no Concello de Guitiriz para o ano 2016:

- Martes 9 de febreiro, martes do Entroido.
- Luns 16 de maio, que coincide coa ponte das letras galegas.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo con carácter de urxencia á Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Traballo e Benestar.”

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do grupo PP di que está de acordo.

A voceira do grupo Compromiso por Guitiriz (CxG) di que na comisión informativa a alcaldesa propuxo o luns de pascua e o Ecce Homo, e dende CxG se propuxo o luns 8 de agosto para apoiar o festival de Pardiñas e mirar tamén pola cultura, e so obtivo un voto, polo que va a absterse.

O voceiro do grupo BNG di que o día 16 de maio o propuxo o BNG, que é un día importante que coincide coas letras galegas dedicado a Manuel María, e propón ao goberno que prepare con tempo as actividades a celebrar.

O voceiro do grupo independente-CG di que está de acordo co día 16 de maio, que tivo máis votos na comisión informativa.

A Sra. Alcaldesa aclara que a proposta que levou á comisión informativa foi aberta, e que é unha proposta de toda a Corporación, non de o equipo de goberno, que foi a que democraticamente obtivo máis votos, que ela abstívose na votación, que a proposta de CxG so tivo 1 voto, e que máis cultura que as letras galegas non pode haber.

Sometido a asunto a votación foi aprobado por 12 votos a favor dos membros dos grupos PSOE, PP, BNG e Independente-CG, e 1 abstención do grupo CxG.

3º.-Solicitud e á Xunta de Galicia de adhesión ao novo “Convenio Marco entre a Administración Xeral do Estado e a Administración da Xunta de Galicia para a implantación dunha rede de Oficinas Integradas de Atención ao Cidadán (060) no ámbito territorial de Galicia”.



CONCELLO DE GUITIRIZ
Rúa do Concello, 4
27.300 GUITIRIZ – LUGO
TEL. 982.370.109 FAX 982.372.178

A proposta de alcaldía de data 22/07/2015 que foi informada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 27/07/2015, á que dá lectura o secretario en extracto, é a seguinte:

“Solicitud a Xunta de Galicia de adhesión ao novo “Convenio Marco entre a Administración Xeral do Estado e a Administración da Xunta de Galicia para a implantación dunha rede de Oficinas Integradas de Atención ao Cidadán (060) no ámbito territorial de Galicia”.

Dona Regina Polín Rodríguez, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz, no uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Visto o escrito do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 22/06/2015, RE nº 2328 de data 25/06/2015, no que comunica que está previsto asinar un novo convenio marco para darlle continuidade ao anterior.

Visto o borrador do novo “Convenio Marco entre a Administración Xeral do Estado e a Administración da Xunta de Galicia para a implantación dunha rede de Oficinas Integradas de Atención ao Cidadán (Oficinas 060) no ámbito territorial de Galicia”, continuación do publicado no BOE de 5/07/2007 e no DOG de 6/07/2007.

Dada a necesidade e conveniencia de prestar este servizo aos veciños de Guitiriz e ao propio Concello para evitar desprazamentos a Lugo ou gastos innecesarios para presentar escritos, solicitudes ou comunicacións nas distintas sedes da Administración Xeral do Estado, da Xunta de Galicia ou das Deputacións provinciais Deputacións provinciais e grandes municipios galegos do artigo 121 da LBRL adheridos ao convenio (novidade introducida neste último convenio marco).

Considerando o disposto en canto á colaboración interadministrativa nos artigos 55 e 57 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; os artigos 6.5 e 88 da Lei 30/92, do 26 de novembro; e na Lei de Contratos do Sector Público.

Considerando as atribucións conferidas á alcaldía e ao Pleno da Corporación conforme aos artigos 21 e 22 da Lei 7/85 de 2 de abril.

Propoño ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de asuntos do Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Solicitar á Xunta de Galicia a adhesión do Concello de Guitiriz ao novo “Convenio Marco entre a Administración Xeral do Estado e a Administración da Xunta de Galicia para a implantación dunha rede de Oficinas Integradas de Atención ao Cidadán (Oficinas 060) no ámbito territorial de Galicia”, para que os cidadáns poidan presentar nas oficinas de rexistro do Concello escritos, solicitudes e comunicacións dirixidas a calquera organismo ou entidade da Administración Xeral do Estado, da Comunidade Autónoma, ou das Deputacións provinciais e grandes municipios galegos do artigo 121 da LBRL adheridos ao convenio, asumindo todas as obrigas derivadas do citado convenio.

SEGUNDO.- Facultar á Sra. Alcaldesa para a sinatura dos documentos precisos para a execución do presente acordo, e comunicar o presente acordo á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) da Xunta de Galicia para o seu coñecemento e efectos oportunos.”



CONCELLO DE GUITIRIZ
Rúa do Concello, 4
27.300 GUITIRIZ – LUGO
TEL. 982.370.109 FAX 982.372.178

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do grupo PP di que modifícase algo que xa había seguindo a liña de antes para beneficiar aos veciños de Guitiriz, que xa estaba en vigor e agora mellorase.

A voceira do grupo CxG di que din que non sabe se é unha modificación ou unha renovación do convenio anterior, pero que esta de acordo e o convenio anterior aprobouse por unanimidade.

O voceiro do grupo BNG di que xa estábamos beneficiándonos deste convenio e agora engádense as deputacións e aos grandes municipios galegos, que está de acordo.

O voceiro do grupo Independente-CG di que tamén está de acordo.

Sometido a asunto a votación foi aprobado por unanimidade dos 13 membros da Corporación.

4º.-Aprobación inicial do regulamento do Consello Escolar Municipal de Guitiriz.

A proposta de alcaldía de data 22/07/2015 que foi informada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 27/07/2015, á que dá lectura o secretario en extracto, é a seguinte:

“REGULAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE GUITIRIZ

D. Regina Polín Rodríguez, alcalde-presidente do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vista a necesidade de regular a composición e funcionamento do Consello Escolar Municipal de Guitiriz para unha adecuada participación da comunidade educativa e do Concello nos asuntos da súas competencias e atribucións.

Por providencia de alcaldía de data 17/07/2015 iniciouse o correspondente expediente para a elaboración e aprobación dun Regulamento do Consello Escolar Municipal de Guitiriz.

Considerando o disposto no Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, que regula o Consello Escolar de Galicia, os Consellos Territoriais e Municipais en desenvolvemento da Lei 3/1986, do 18 de decembro, de Consellos Escolares de Galicia.

Visto o proxecto de Regulamento redactado polos servizos municipais.

Visto o informe xurídico de secretaría de data 21/07/2015.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d), 25.2, 47.1, 49, 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Propoño ao Pleno da Corporación, logo de ditame de Comisión Informativa correspondente, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobado inicialmente o “Regulamento do Consello Escolar Municipal de Guitiriz”.

SEGUNDO.- Abrir un período de información pública durante un prazo de 30 días mediante a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, e dar audiencia aos interesados por un prazo de 30 días para que poidan



presentarse reclamacións e suxestións. De non producirse alegacións, o regulamento Considerarase definitivamente aprobado.”

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do grupo PP di que debería haber unha xuntanza anterior para ver este regulamento, pero que non se opoñen as melloras de este tipo en materia de educación, e que espera que non se politice e sexa claro e transparente.

A voceira do grupo CxG di que é unha boa iniciativa e que tiña que terse feito antes.

O voceiro do grupo BNG di que está de acordo, que o consello escolar non funcionou nos últimos anos e que está ben que se poña a andar.

A Sra. Alcaldesa explica que o consello escolar municipal existe dende o ano 2007 e que deixou de funcionar dende fai 4 anos, pero que nunca houbo un regulamento porque os secretarios anteriores non dixeron que o tiñan que haber ata agora, e foi o mesmo secretario quen redactou o regulamento.

Sometido a asunto a votación foi aprobado por unanimidade dos 13 membros da Corporación.

5º.-Incoación do procedemento de designación de representantes do Consello Escolar Municipal para o período 2015-2019.

A proposta de alcaldía de data 22/07/2015 que foi informada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 27/07/2015, á que dá lectura o secretario en extracto, é a seguinte:

“Incoación do procedemento de designación de representantes no Consello Escolar Municipal para o período 2015-2019

Dona Regina Polín Rodríguez, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz, no uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vista a necesidade de convocar o Consello Escolar Municipal para tratar moitos asuntos de interese no marco das competencias do Consello, faise necesario actualizar a súa composición e que cada unha das entidades e asociacións da comunidade escolar que teñen representantes no mesmo designen aos seus titulares e suplente para proceder a convocar unha sesión o máis pronto posible.

Considerando o disposto no Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, que regula o Consello Escolar de Galicia, os Consellos Territoriais e Municipais en desenvolvemento da Lei 3/1986, do 18 de decembro, de Consellos Escolares de Galicia.

Considerando as atribucións conferidas á alcaldía e ao Pleno da Corporación conforme aos artigos 21 e 22 da Lei 7/85 de 2 de Abril.

Propoño ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de asuntos do Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento de designación pola Corporación dos sete representantes no Consello Escolar Municipal para o período 2015-2019, entre directores, representantes dos sindicatos, asociacións de empresarios, movementos de renovación



CONCELLO DE GUITIRIZ
Rúa do Concello, 4
27.300 GUITIRIZ – LUGO
TEL. 982.370.109 FAX 982.372.178

pedagóxica, titulares de centros privados e concertados, especialistas en temas educativos e asociacións de veciños, conforme ao disposto no artigo 16 da Lei 3/1986, do 18 de decembro, de Consellos Escolares de Galicia.

SEGUNDO.- Instar as seguintes entidades e asociacións a que designen aos seus representantes para o período 2015-2019 conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 3/1986, do 18 de decembro, e artigos 30 e 40 do Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, e o comuniquen ao Concello para poder convocar a próxima sesión do Consello Escolar Municipal:

-Sindicatos: Sete profesores propostos polos sindicatos ou asociacións profesionais do sector docente con representación en Guitiriz.

-Asociacións de pais de alumnos: Catro pais de alumnos propostos polas asociacións de pais de alumnos de Guitiriz

-Consellos escolares de centros: Tres alumnos elixidos polos representantes dos alumnos no Consellos escolares dos centros de Guitiriz.

- A administración educativa: Un funcionario designado polo órgano competente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.”

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do grupo de PP di que está de acordo, que o vai apoiar para mellorar.

A Sra. Alcaldesa di que a intención é aprobar a constitución no próximo Pleno de setembro, pero que non é doado conseguir aos representantes de todos, sobre todo os sindicatos de profesores, e que hai 7 persoas a designar pola Corporación entre quen teña interese e relación coa educación e a cultura de Guitiriz. Di que poderanse traer propostas á comisión informativa de asuntos do Pleno ou colgar na web para que se fagan propostas e se xustifiquen porque o merecen.

Sometido a asunto a votación foi aprobado por unanimidade dos 13 membros da Corporación.

6º.-Recoñecemento extraxudicial de créditos nº 7/2015.

A proposta de alcaldía de data 22/07/2015 que foi informada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 27/07/2015, á que dá lectura o secretario en extracto, é a seguinte:

“ASUNTO: RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 7/2015

Constando a esta Alcaldía a existencia de facturas presetadas por diversos acreedores municipais que se indicarán de seguido e que se atopan pendentes de pago; e tendo en conta a vontade deste grupo de goberno de efectuar tódolos pagos pendentes aos acreedores municipais, e á vista das consecuencias negativas que poidan derivarse do incumprimento da normativa reguladora da morosidade nas administracións públicas, tanto para o Concello como especialmente para os provedores municipais:

Reg	Fec. Reg.	Nº Factura	Fec. Fac.	Dni/Cif	Razón Social	Área	Importe	I.V.A	Dctos.	
173	26/02/2015	21/2014	21/10/2014	33546697R	JESUS ARES MAHIA	01	931,70	0,00	0,00	
Concepto: LIMPEZA DE CANALÓNS COLEXIO DE PARGA						Operación : ADO	Imp. Líquido: 931,70			
				Partidas Presupuestarias						
				326	21200	REPARACIÓN, MANTENIMIENTO. EDIFICIOS		931,70		



Total Relación...	Imp. Presupuesto: 931,70	I.V.A: 0,00	Dctos: 0,00	Imp. Líquido: 931,70
-------------------	--------------------------	-------------	-------------	----------------------

Código Relación: Manual		Descripción: CURSO Leticia Seijido García							
Reg	Fec. Reg.	Nº Factura	Fec. Fac.	Dni/Cif	Razón Social	Área	Importe	I.V.A	Dctos.
	27/04/2015	--	17/04/2015	32.693.106D	LETICIA SEIJIDO GARCÍA	01	125,00	0,00	0,00
Concepto: CURSO "ELECCIÓN Y ADAPTACIÓN DE SILLAS DE RUEDAS"						Operación : ADO	Imp. Líquido: 125,00		
Partidas Presupuestarias									
			231	16200	REPARACIÓN, MANTENIMIENTO. EDIFICIOS				125,00
Total Relación...		Imp. Presupuesto: 125,00	I.V.A: 0,00	Dctos: 0,00	Imp. Líquido: 125,00				

Código Relación: 236		Descripción: FACE ESPROADE FRA. DECEMBRO							
Reg	Fec. Reg.	Nº Factura	Fec. Fac.	Dni/Cif	Razón Social	Área	Importe	I.V.A	Dctos.
1649	16/06/2015	690-N	31/12/2014	B15664816	ESPROADE, S.L.	01	4.426,79	0,00	0,00
Concepto: ESCOLA DE MUSICA DO MES DE DECEMBRO						Operación : O	Imp. Líquido: 4.426,79		
Partidas Presupuestarias									
			334	22609	ACTIVIDADES CULTURALES Y DEPORTIVAS				4.426,79
Total Relación...		Imp. Presupuesto: 4.426,79	I.V.A: 0,00	Dctos: 0,00	Imp. Líquido: 4.426,79				

Código Relación: 204		Descripción: PROCESO 119/2013							
Reg	Fec. Reg.	Nº Factura	Fec. Fac.	Dni/Cif	Razón Social	Área	Importe	I.V.A	Dctos.
1291	29/05/2015	2014/318	09/09/2014	33316267P	CARLOS CABO SILVA	01	348,09	0,00	60,41
Concepto: PROC. PROC. ORD. 119/2013 CONTRA DEPUTAC.LUGO, XUL. CONT-ADTVO Nº 2 DE LUGO						Operación : ADO	Imp. Líquido: 287,68		
Partidas Presupuestarias									
			920	22604	JURIDICOS, CONTENCIOSOS				348,09
Total Relación...		Imp. Presupuesto: 348,09	I.V.A: 0,00	Dctos: 60,41	Imp. Líquido: 287,68				

Código Relación: 237		Descripción: PANADERIA DAVID 2014							
Reg	Fec. Reg.	Nº Factura	Fec. Fac.	Dni/Cif	Razón Social	Área	Importe	I.V.A	Dctos.
1689	01/07/2015	93	22/06/2015	33617841Y	DAVID BELLO RIVERA	01	51,26	0,00	0,00
Concepto: TORTAS DE MILLO AÑO 2014						Operación : ADO	Imp. Líquido: 51,26		
Partidas Presupuestarias									
			334	22601	ATENCIONES PROTOCOLARIAS Y REPRESENTATIVAS				51,26
Total Relación...		Imp. Presupuesto: 51,26	I.V.A: 0,00	Dctos: 0,00	Imp. Líquido: 51,26				

Código Relación: 248		Descripción: ROCIO GOMEZ AÑO 2014							
Reg	Fec. Reg.	Nº Factura	Fec. Fac.	Dni/Cif	Razón Social	Área	Importe	I.V.A	Dctos.
1737	17/07/2015	16-2	02/09/2014	33336981E	ROCIO GOMEZ GOMEZ (ALIMENTACION LOLITA)	01	17,85	0,00	0,00
Concepto: ALIMENTOS PARA O CENTRO DE DIA						Operación : ADO	Imp. Líquido: 17,85		
Partidas Presupuestarias									
			231	22105	PRODUCTOS ALIMENTICIOS				17,85
1738	17/07/2015	17-2	08/09/2014	33336981E	ROCIO GOMEZ GOMEZ (ALIMENTACION LOLITA)	01	35,63	0,00	0,00
Concepto: ALIMENTOS PARA O CENTRO DE DIA						Operación : ADO	Imp. Líquido: 35,63		
Partidas Presupuestarias									
			231	22105	PRODUCTOS ALIMENTICIOS				35,63
1739	17/07/2015	20-2	12/09/2014	33336981E	ROCIO GOMEZ GOMEZ (ALIMENTACION LOLITA)	01	26,53	0,00	0,00
Concepto: ALIMENTOS PARA O CENTRO DE DIA						Operación : ADO	Imp. Líquido: 26,53		



Partidas Presupuestarias									
		231	22105	PRODUCTOS ALIMENTICIOS					26,53
1740	17/07/2015	21-2	15/09/2014	33336981E	ROCIO GOMEZ GOMEZ (ALIMENTACION LOLITA)	01	10,06	0,00	0,00
Concepto: ALIMENTOS PARA O CENTRO DE DIA Operación : ADO Imp. Líquido: 10,06									
Partidas Presupuestarias									
		231	22105	PRODUCTOS ALIMENTICIOS					10,06
1741	17/07/2015	22-2	19/09/2014	33336981E	ROCIO GOMEZ GOMEZ (ALIMENTACION LOLITA)	01	30,25	0,00	0,00
Concepto: ALIMENTOS PARA O CENTRO DE DIA Operación : ADO Imp. Líquido: 30,25									
Partidas Presupuestarias									
		231	22105	PRODUCTOS ALIMENTICIOS					30,25
1742	17/07/2015	23-2	22/09/2014	33336981E	ROCIO GOMEZ GOMEZ (ALIMENTACION LOLITA)	01	19,82	0,00	0,00
Concepto: ALIMENTOS PARA O CENTRO DE DIA Operación : ADO Imp. Líquido: 19,82									
Partidas Presupuestarias									
		231	22105	PRODUCTOS ALIMENTICIOS					19,82
1743	17/07/2015	25-2	14/09/2014	33336981E	ROCIO GOMEZ GOMEZ (ALIMENTACION LOLITA)	01	21,58	0,00	0,00
Concepto: ALIMENTOS PARA O CENTRO DE DIA Operación : ADO Imp. Líquido: 21,58									
Partidas Presupuestarias									
		231	22105	PRODUCTOS ALIMENTICIOS					21,58
1744	17/07/2015	26-2	24/09/2014	33336981E	ROCIO GOMEZ GOMEZ (ALIMENTACION LOLITA)	01	6,40	0,00	0,00
Concepto: ALIMENTOS PARA O CENTRO DE DIA Operación : ADO Imp. Líquido: 6,40									
Partidas Presupuestarias									
		231	22105	PRODUCTOS ALIMENTICIOS					6,40
1745	17/07/2015	27-2	29/09/2014	33336981E	ROCIO GOMEZ GOMEZ (ALIMENTACION LOLITA)	01	27,00	0,00	0,00
Concepto: ALIMENTOS PARA O CENTRO DE DIA Operación : ADO Imp. Líquido: 27,00									
Partidas Presupuestarias									
		231	22105	PRODUCTOS ALIMENTICIOS					27,00
1746	17/07/2015	30-2	03/10/2014	33336981E	ROCIO GOMEZ GOMEZ (ALIMENTACION LOLITA)	01	10,10	0,00	0,00
Concepto: ALIMENTOS PARA O CENTRO DE DIA Operación : ADO Imp. Líquido: 10,10									
Partidas Presupuestarias									
		231	22105	PRODUCTOS ALIMENTICIOS					10,10
1747	17/07/2015	31-2	06/10/2014	33336981E	ROCIO GOMEZ GOMEZ (ALIMENTACION LOLITA)	01	24,06	0,00	0,00
Concepto: ALIMENTOS PARA O CENTRO DE DIA Operación : ADO Imp. Líquido: 24,06									
Partidas Presupuestarias									
		231	22105	PRODUCTOS ALIMENTICIOS					24,06
1748	17/07/2015	32-2	09/10/2014	33336981E	ROCIO GOMEZ GOMEZ (ALIMENTACION LOLITA)	01	18,24	0,00	0,00
Concepto: ALIMENTOS PARA O CENTRO DE DIA Operación : ADO Imp. Líquido: 18,24									
Partidas Presupuestarias									
		231	22105	PRODUCTOS ALIMENTICIOS					18,24
1749	17/07/2015	33-2	10/10/2014	33336981E	ROCIO GOMEZ GOMEZ (ALIMENTACION LOLITA)	01	27,11	0,00	0,00
Concepto: ALIMENTOS PARA O CENTRO DE DIA Operación : ADO Imp. Líquido: 27,11									
Partidas Presupuestarias									
		231	22105	PRODUCTOS ALIMENTICIOS					27,11
1750	17/07/2015	34-2	13/10/2014	33336981E	ROCIO GOMEZ GOMEZ (ALIMENTACION LOLITA)	01	31,75	0,00	0,00
Concepto: ALIMENTOS PARA O CENTRO DE DIA Operación : ADO Imp. Líquido: 31,75									
Partidas Presupuestarias									
		231	22105	PRODUCTOS ALIMENTICIOS					31,75
1751	17/07/2015	35-2	15/10/2014	33336981E	ROCIO GOMEZ GOMEZ (ALIMENTACION LOLITA)	01	7,40	0,00	0,00
Concepto: ALIMENTOS PARA O CENTRO DE DIA Operación : ADO Imp. Líquido: 7,40									
Partidas Presupuestarias									



		231	22105	PRODUCTOS ALIMENTICIOS					7,40
1752	17/07/2015	37-2	20/10/2014	33336981E	ROCIO GOMEZ GOMEZ (ALIMENTACION LOLITA)	01	19,23	0,00	0,00
Concepto: ALIMENTOS PARA O CENTRO DE DIA					Operación : ADO		Imp. Líquido: 19,23		
Partidas Presupuestarias									
		231	22105	PRODUCTOS ALIMENTICIOS					19,23
1753	17/07/2015	39-2	22/10/2014	33336981E	ROCIO GOMEZ GOMEZ (ALIMENTACION LOLITA)	01	28,97	0,00	0,00
Concepto: ALIMENTOS PARA O CENTRO DE DIA					Operación : ADO		Imp. Líquido: 28,97		
Partidas Presupuestarias									
		231	22105	PRODUCTOS ALIMENTICIOS					28,97
1754	17/07/2015	40-2	27/10/2014	33336981E	ROCIO GOMEZ GOMEZ (ALIMENTACION LOLITA)	01	28,86	0,00	0,00
Concepto: ALIMENTOS PARA O CENTRO DE DIA					Operación : ADO		Imp. Líquido: 28,86		
Partidas Presupuestarias									
		231	22105	PRODUCTOS ALIMENTICIOS					28,86
1755	17/07/2015	41-2	28/10/2014	33336981E	ROCIO GOMEZ GOMEZ (ALIMENTACION LOLITA)	01	9,89	0,00	0,00
Concepto: ALIMENTOS PARA O CENTRO DE DIA					Operación : ADO		Imp. Líquido: 9,89		
Partidas Presupuestarias									
		231	22105	PRODUCTOS ALIMENTICIOS					9,89
1756	17/07/2015	42-2	31/10/2014	33336981E	ROCIO GOMEZ GOMEZ (ALIMENTACION LOLITA)	01	4,72	0,00	0,00
Concepto: ALIMENTOS PARA O CENTRO DE DIA					Operación : ADO		Imp. Líquido: 4,72		
Partidas Presupuestarias									
		231	22105	PRODUCTOS ALIMENTICIOS					4,72
Total Relación...		Imp. Presupuesto: 405,45	I.V.A: 0,00	Dctos: 0,00				Imp. Líquido: 405,45	

Á vista do anterior, mediante Providencia do 20 de xuño de 2015, ordenouse á intervención municipal que se efectuase a tramitación oportuna para a aprobación dos gastos derivados das facturas anteriores. Unha vez efectuada a tramitación oportuna, a Intervención municipal emitiu Informe con Referencia JARR 198/2015 o 21 de xullo.

Tendo en conta a regulación contida nos artigos 163 e 176 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como o artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, segundo os cal "[...] Corresponderá al Pleno da la Entidad el reconocimiento extrajudicial de créditos, siempre que no exista dotación presupuestaria, [...]"

Considerando que a imputación ao exercicio corrente dos gastos aos que se refire este expediente, en principio non prexudica á atención das necesidades do exercicio corrente, e tendo en conta a efectiva prestación dos servizos por parte dos emisores das facturas nos termos do establecido na Base 20 das de execución do vixente orzamento municipal

PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial dos créditos correspondentes ás facturas indicadas máis arriba polo importe total de 6.288,29 €.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Alcaldía aos efectos de que se proceda á Ordenación de pagos nos termos do artigo 61 do Real Decreto 500/1990."

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do grupo PP di que as facturas se deben pagar e que se non se fixo antes foi porque eran erróneas o foron presentadas fora de prazo.



CONCELLO DE GUITIRIZ
Rúa do Concello, 4
27.300 GUITIRIZ – LUGO
TEL. 982.370.109 FAX 982.372.178

A voceira do grupo CxG pregunta se non había outras facturas con rexistro de entrada anterior para engadirlas, porque algún provedor lle dixo que tiña facturas do ano anterior sen cobrar a primeiros de ano.

A Sra. Alcaldesa di que as pediu todas e pregunta ao Sr. Interventor que afirma que están todas, que non hai ningunha factura anterior, que do ano anterior non hai ningunha.

O voceiro do grupo BNG di que hai unha factura da escola de música de decembro de 2014 por 4.426 euros por servizos que no prestou o número de clases mínimo.

A Sra. Alcaldesa di que esa factura ten un reparo de intervención porque non está claro que cumprira o número de clases estipulado, que contactouse coa empresa e dixo que ese mes non se deran todas as clases por vacacións e que consta no expediente o correo electrónico onde se explica.

Sometido a asunto a votación foi aprobado por unanimidade dos 13 membros da Corporación.

7º.-Modificación orzamentaria por transferencia de crédito.

A proposta de alcaldía de data 22/07/2015 que foi informada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 27/07/2015, á que dá lectura o secretario en extracto, é a seguinte:

“ASUNTO: TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS ENTRE APLICACIÓNS DE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos dentro do vixente orzamento municipal, consistente en Transferencia de créditos entre aplicacións de distintas Áreas de Gasto por importe de 26.000,00 € derivado da necesidade de afrontar gastos para os que se prevé que non será suficiente para o resto do ano a consignación orzamentaria existente na actualidade, especialmente os relativos aos gastos de suministro de enerxía eléctrica correspondente ao alumeadado público municipal e recollida e tratamento de RSU, e tendo en conta a posibilidade de minorar determinadas aplicacións do orzamento de gastos sen menoscabo da finalidade para a que foron previstas no orzamento vixente e por considerar minorables sen que supoñan perturbación de ningún servizo municipal as aplicacións orzamentarias que se indican de seguido

Considerando o disposto nos artigos 179 e 180 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 4 de marzo, os artigos e 41 e 42 do Real decreto 500/1990, e as Bases de execución do vixente orzamento municipal, o Informe da Intervención municipal (REF JARR 199/2015) e o resto da documentación que obra no expediente

PROPOÑO ao Pleno da corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do vixente orzamento municipal consistente en Transferencia de crédito entre aplicacións de distintas Áreas de Gasto polo importe e de acordo co detalle que se indica de seguido:

Aplicacións minoradas	Consignación previa (aplicación)	Consignación previa (Bolsa)	Minoración	Consignación restante (aplicación)	Consignación Restante (Bolsa)
912.10000	61.827,73	274.348,68	26.000,00	35.827,73	248.348,68



CONCELLO DE GUITIRIZ
Rúa do Concello, 4
27.300 GUITIRIZ – LUGO
TEL. 982.370.109 FAX 982.372.178

Aplicacións incrementadas	Consignación previa (aplicación)	Consignación previa (Bolsa)	Incremento	Total consignación (aplicación)	Total Consignación (Bolsa)
1621 22799	-27.474,59		21.000,00	-6.474,59	
165 22100	-17.581,61		5.000,00	-12.581,61	
Totais		3.095,16	26.000,00		29.095,16

SEGUNDO.- De conformidade co establecido no artigo 179.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 4 de marzo, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, ordenar a publicación do presente acordo mediante inserción de edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos deste Concello, quedando exposto ao público durante un período de 15 días hábiles dende o día seguinte ao da publicación naquel Boletín Oficial.

TERCEIRO.- O expediente de modificación orzamentaria entenderáse definitivamente aprobado no caso de que durante o período de exposición pública non se presenten reclamacións.”

Aberto o debate pola Presidencia a Sra. Alcaldesa explica que aínda que parece que os cartos van á recollida de lixo foi porque antes se fixo unha transferencia de crédito para os desbroces de distintas parroquias de 18.000 euros, que quedaban sen desbrozar e contratouse o servizo a unha empresa coa bolsa de vinculación que agora reponse. Tamén fíxose a modificación orzamentaria porque contratouse de xeito urxente a máis persoal para o SAF para cubrir horas que estaban sen cubrir para que a Xunta non retirase parte da subvención.

Sometido a asunto a votación foi aprobado por unanimidade dos 13 membros da Corporación.

8º.-Moción en defensa do sector lácteo. Grupo BNG.

A moción de data 13/07/2015 que foi informada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 27/07/2015, é a seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación do sector lácteo en Galiza a día de hoxe pódese cualificar de dramática. Após o inicio desta campaña, a primeira logo da desaparición das cotas lácteas e en que a produción fica totalmente liberalizada, a situación en Galiza estase volvendo absolutamente insostíbel para as explotacións.

A ausencia de adopción de medidas e de decisións políticas por parte do Goberno Galego e do Estado para preparar ao sector para poder competir neste novo escenario está provocando consecuencias desastrosas.

Levamos varios meses de caídas continuadas dos prezos en orixe que obrigan ás explotacións a vender o su produto por debaixo dos custes de produción e afrontando importantes perdas. Esta situación deriva da nula capacidade de negociación para os e as gandeiras que se ven sometidas aos ditado das grandes multinacionais da industria que, como xa denunciou mesmo o Tribunal da Competencia, estableceron un complot para provocar esa baixada de prezos, sen que o Goberno mova un dedo para defender o sector ou protexelo ante esa situación.

Esta práctica ten consecuencias especialmente graves en Galiza, onde actualmente xa se están asinando contratos por debaixo dos 20 céntimos.



CONCELLO DE GUITIRIZ
Rúa do Concello, 4
27.300 GUITIRIZ – LUGO
TEL. 982.370.109 FAX 982.372.178

Por outra banda, xa desde o Bloque Nacionalista Galego, vimos denunciando desde hai meses que, coa liberación do sector, na práctica as industrias son as que establecen agora as novas cotas á produción, deixando totalmente desvalido o sector produtor. Así, mentres no resto do Estado español e da Unión Europea se está a incrementar a produción, en Galiza estanse establecendo mecanismos de restrición. As industrias son as que determinan, canto, cando e onde se pode producir leite. Esta dinámica vese ademais reforzada pola falta de acción e intervención dos gobernos galego e estatal, que fican impasíbeis a pesar da gravidade da situación que pode condicionar non só o presente do sector, senón o seu futuro e viabilidade a longo prazo.

As consecuencias máis graves deste feito comezáronse a percibir de forma máis estendida nos últimos días. Tanto algunha industria como algúns primeiros compradores deciden unilateralmente, sen previo aviso e incumprindo os contratos asinados, que deixan leite sen recoller nas explotacións. Isto provoca, obviamente, unha situación terríbel por tratarse dun produto perecedoiro que está obrigando, en moitos casos a tirar o leite, xa que existen mesmo dificultades para atopar quen llo recolla case que “regalado”.

De se manter esta situación durante máis días pode acabar por ser irreversible para moitas explotacións que, en moitos casos, levan meses botando man dos aforros para poderen manter a produción neste contexto de prezos.

O sector lácteo é a columna vertebral da economía rural, mesmo da persistencia de vida no rural en moitas comarcas. Non podemos consentir que peche nin unha explotación máis.

Non podemos seguir agardando, vendo como se esfarela un sector punteiro e viábel, sen que se tomen decisións urxentes para atallar a situación.

Por estas razóns o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo pleno do Concello esta moción proponendo a adopción dos seguintes acordos:

- 1. O concello de Guitiriz comprométese firmemente coa defensa do sector lácteo, co dereito a producir dos e das gandeiras e coa garantía de prezos en orixe xustos, para o cal adoptará posicións e demandas públicas contundentes na consecución destes obxectivos, situándose do lado do sector produtor asumindo as súas demandas nesta crítica situación.*
- 2. Instar ao Goberno Galego e ao Goberno do Estado a fin de que a través de todos os mecanismos de que dispoñan apremen ás industrias e aos primeiros compradores a garantir a recollida de todo o leite que se produza nas explotacións galegas.*
- 3. Instar ao Goberno Galego a que garanta a percepción dun prezo do leite en orixe xusto e que cubra os gastos de produción para o cal se adoptarán as seguintes medidas:*
 - a) Crear un instrumento interprofesional de negociación e decisión coa participación do sector produtor, industria e distribución, actuando a administración como mediadora e catalizadora de acordos e velando polo cumprimento destes.*
 - b) Establecer, nese ámbito, os criterios e indicadores sobre os que debe construírse a cadea de valor do leite e, por tanto, o prezo a percibir polos produtores e produtoras que, en ningún caso, poderá ser inferior ao de produción, así como os mecanismos para garantir a recollida da produción.*
 - c) Reclamar a modificación do Real Decreto 125/2015 coa finalidade de introducir mecanismos que garantan a posibilidade real de negociación entre produtores e*



CONCELLO DE GUITIRIZ
Rúa do Concello, 4
27.300 GUITIRIZ – LUGO
TEL. 982.370.109 FAX 982.372.178

industrias das condicións contractuais; mecanismos de garantía de recollida de produción, así como do volume e marxe de tolerancia, así como de instrumentos de mediación e vixilancia de cumprimento das condicións de negociación e cumprimentos contractuais.

4. *Urxir ao Goberno Galego a que realice unha campaña de inspección no ámbito das súas competencias, e instar ao Estado a que faga o propio no ámbito das súas, para perseguir e sancionar as prácticas de dumping nas grandes áreas de distribución evitando a banalización do leite e a súa utilización como elemento de reclamo mediante a súa venda a perdas.”*

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do grupo PP di que non estamos ante a peor crise do sector lácteo, que entre decembro de 2007 e xuño de 2009 o prezo caeu 21 ct (de 46 a 25ct) e vimos que daquela non se protestou tanto porque había un conselleiro do BNG, que estamos en niveis de prezos superiores a 2010 e semellantes o 2012. Di que non estamos nunha situación provocada en Galicia, que estamos cun problema de superproducción que non so afecta a Galicia, se non a tódolos países da Unión Europea(salvo Grecia) en un dos maiores consumidores e produtores de leite mundial como é EEUU. Di que é un problema de desaxuste entre a oferta e a demanda de leite que puido traer unha supertaxa, e que UUAA xa animaba a producir máis antes de rematar as cotas, aínda sabendo deste problema, agora recoñécese un sobrepasamento da cota que podía ser peor de non terse en conta os mensaxes da administración. Di que non estamos nun problema de deslocalización , nin perdendo capacidade productiva, xa que neste período e a máis elevada da serie histórica. Di que non temos un problema de prezos en Galicia, que o prezo medio de abril de 2015 é un 2,7% superior o de xullo de 2011, que os máximos produtores de mais de 700.000kg acadan un prezo de 4,5 ct/lit máis con respecto os de menor volumen de entrega, e que Galiza e a Comunidade Autónoma onde os custes de produción son máis baixos da cornisa Cantábrica e os prezos máis altos que o resto de España. Polo tanto ante unha igualdade de prezos con outras da CCAA, en Galiza estase obtendo un marxe de beneficio maior. Di que non estamos nun problema xeralizado de recollida nin de prezos baixos, que UUAA pedíanos en decembro que a modificación do “paquete lácteo” incluíse a obrigatoriedade de coller un 5% máis da produción do ano anterior, e no decreto aprobado aumentámolo nun 10%, e que os prezos anormalmente baixos por debaixo dos 26 ct/lit son o 9,90% das entregas, e por baixo dos 20 ct/lit son o 1,37% do volumen de leite entregado en Galicia. Explica que sí presionan para ter contratos a un ano, pero non pode imponerse, porque o Regulamento (UE) 1308/2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios, establece que o gandeiro ten o dereito a rexeitar a duración mínima do contrato por escrito. Di que UUAA non quería eses contratos que agora demanda, xunto con outros esixindo a duración mínima dun ano. Explica que é falso que non presionaran para ter o mediador, que pediron a figura do mediador como recurso obrigatorio, sen embargo, a disposición final terceira da Lei 15/2015(e tamén a Directiva 2008/52/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 21 de maio de 2008), que foi aprobada polo Goberno de José Luís Rodríguez Zapatero, indica que o sistema de mediación debe estar baseado, entre outros, na voluntariedade. Explica que presionan para que as OPL (organismos de produción leiteira) sí poidan negociar, xa que o RD 1363/2012 dispón o contrato obrigatorio e a posibilidade de negociar os contratos mediante OPL. Di que a Xunta non pode sentarse a negociar, teríamos problemas de competencia(a Comisión Nacional dos Mercados e a competencia xa nolo advertiu), e que en Castela e León as OPL xa están negociando, e as OPL galegas poden organizar a produción e evitar este desfase entre oferta e demanda: APROLACT-AGACA estao facendo através das cooperativas, pero ULEGA-UUAA non fai nada.

Di que dende a Xunta de Galicia asinouse un acordó en decembro de 2012 e:



- UUAA-ULEGA incumpriu o único compromiso que adquiriu naquel acordo: o de fortalecer a negociación utilizando as capacidades que lles ofrece o “paquete lácteo”.
- Feijoo está cumprindo todos os puntos do acordó asinado en decembro do 2012, fundamentalmente está en desenvolvemento un reforzado Plan Nacional de Controis do Paquete Lácteo que desenvolven as CCAA, promoverase a incorporación das terras de propietarios descoñecidos e a aprobación da Lei de mellora da Estructura Territorial Agraria; e por último, estase axilizando o Proxecto de Lei de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria.
- Previa a posibilidade de ter que dar saída a excedentes de leite mediante a súa exportación. No PSOE ríanse da súa iniciativa para vender o leite fóra de Galicia (especialmente das xestións para vender en Cuba) e agora pídeno eles. Faro de Vigo 5/11/2014[...] *Unions de Pequenos Agricultores(UPA) (UUAA) demanda la apertura de mercados para el sector lechero en Norte de Africa y Venezuela.*
O PSOE de Cantabria non pensa o mesmo co galego e recoñecen o traballo de Feijoo polo sector lácteo: Ana Isabel Méndez Sainz, voceira do grupo Socialista no Parlamento de Cantabria, dixo: [...] *en Galicia Feijoo exige delante de una empresa de distribución (Carrefour) que dejen de utilizar la leche como reclamo. Lo hizo delante de los dirigentes de esa empresa en Galicia. Delante de ellos. [...] Lamentablemente, aquí no contamos con la suerte de que esta política sea tan relevante para este Gobierno, como para que sea el Presidente quien , efectivamente, llame la atención a la industria y a la distribución sobre el problema[...].*

Explica que estanse tomando medidas para o lácteo dende 2009, para mellorar a competitividade das explotacións, a súa capacidade financeira e a estrutura comercial do sector, en concreto:

- Para mellorar a competitividade das explotacións; realizouse unha mellora de base territorial das explotacións a través da Lei de Mobilidade de terras, Lei de Montes, Lei de Mellora da Estructura Territorial Agraria e a inclusión de terreos de propietarios descoñecidos; así como un ha mellora da eficiencia enerxética en explotacións leiteiras mediante a achega de 12 M/€ en axudas para este fin.
- Para mellorar a capacidade financeira e de liquidez: No ano 2009 dispuxéronse axudas diversas (con fondos propios) para paliar a crise que afrontaba o sector pola caída de prezos; e priorizouse o pago das axudas da PAC e axilizouse de forma xenérica o abono das mesmas.
- Para mellorar a estrutura comercial: publicouse o Decreto que regula o procedemento de recoñecemento e rexistro das Organizacións de Produtores (OP) de leite de Galicia e púxose en marcha a marca “Galega 100%”, que avala a identificación do leite galego de calidade diferenciada.
Ata o de agora cumprimos todo o que nos foron pedindo;
- Contrato obrigatorio e negociar os contratos mediante OPL: RD1363/2012
- Contratos dun ano e mediador: RD 125/2015
- Obrigatoriedade de recoller un 5% mais da produción do ano anterior(aumentada a un 10% polo MAGRAMA) RD 125/2015.
- Prorroga dun mes mais para negociar os contratos a través das OPL: nota interpretativa do RD 125/2015
- Continuidade da obrigatoriedade de que os primeiros compradores transmitisen os datos :RD319/2015

Neste ano 2015 levnase inxectado mais de 116M€ de axudas o sector lácteo(os que hai que engadir 20M€ máis en tramitación):

-arredor de 95M€ axudas directas a explotacións: unha media de 9.845€ por explotación.



CONCELLO DE GUITIRIZ
Rúa do Concello, 4
27.300 GUITIRIZ – LUGO
TEL. 982.370.109 FAX 982.372.178

- máis de 13M€ para subvención de maquinaria, plans de mellora e incorporación de mozos o rural.
- arredor de 4M€ foron para mellorar as industrias e a transformación.

Explica que ademais, a Xunta e o Ministerio están poñendo 20 medidas amosando o seu compromiso polo sector lácteo, e eles cero:

- Axilizar os pagos das axudas da PAC para a modernización e incorporación de mozos á actividade agraria (suporá una inxección de case 20M€).
- Reuniremos coas entidades financeiras para asinar un convenio de colaboración para a concesión de préstamos en condicións ventaxosas.
- Programa de apoio o circulante mediante convenio co IGAPE.
- Xestión do anticipo das axudas que inciden directamente sobre as explotacións(70M€ antes de finalizar 2015).
- Paquete de medidas específicas ao abeiro do proxecto de Desenvolvemento Rural (PDR)2014-2020 dirixidas o lácteo (disposición de 500M€ para o período 2015-2020.
- Promoción e solicitude da inclusión da distribución dentro da interprofesional láctea(INLAC).
- Acordo para o consumo exclusivo de leite galego (e principais derivados) en colexios públicos, hospitais e eventos organizados pola Xunta.
- Inicio da redacción dun Plan Estratégico para o Sector Lácteo co sector.
- Relanzamento da marca galega 100%:
 - *campana publicitaria nos medios de comunicación
 - *convenio con empresas de distribución para a promoción da marca
 - *convenio coa asociación de consumidores

A voceira do grupo CxG di a voceiro do grupo PP que fale cos gandeiros e deixe de ler mocións de Madrid, que está de acordo coa moción, e que habería que limitar o tempo das intervencións.

O voceiro do grupo Independente-CG di que está de acordo coa moción, que foi gandeiro e que coñece o sector, que os sindicatos son tamén políticos e vese na manifestación de Santiago onde algúns sindicatos non están. Di que en Cantabria todos apoian ao sector e aquí non, polo que algo pasa.

A Sra. Alcadesa di que é triste vir aquí a dar un mitin electoral, que aquí vense a defender os intereses de Guitiriz, e que os gandeiros están asfixiados e é normal que pidan o apoio das administracións. Explica que estivo cos gandeiros e din que os gobernos de Madrid e Santiago apoian as empresas, que queren garantía de recollida e non a teñen e que vai apoiar a moción para que a xente non se marche do rural e a xente nova teña alta a autoestima. Di que vai haber unha manifestación o día 11 de agosto e que está toda a xente invitada para que participe e sumar esforzos, que vai chamar aos alcaldes da comarca por se queren sumarse ou facelo nos seus concellos.

O voceiro do grupo BNG di que o voceiro do PP será a única persoa de Guitiriz que di que o prezo da leite é o correcto, que todo o que dixó é do Faro de Vigo, e que son as industrias as que mandan na Xunta neste tema e non Feijoo.

Na segunda quenda o voceiro do grupo PP di que non é especialista, pero que o prezo da leite nunca va a ser suficiente e non debe ser un reclamo nas grandes superficies, e que van a apoiar a moción porque vivimos na Terra Chá.



CONCELLO DE GUITIRIZ
Rúa do Concello, 4
27.300 GUITIRIZ – LUGO
TEL. 982.370.109 FAX 982.372.178

O voceiro do grupo Independente-CG di que a xente nova se queda porque non teñen onde ir, que habería que prohibir os excedentes onde os teñen porque aquí consumimos máis, e que o problema son os gobernos.

O voceiro do grupo BNG di que é unha pena que haxa persoas que non defenden o sector primario en Guitiriz.

Sometido a asunto a votación foi aprobado por unanimidade dos 13 membros da Corporación.

9º.-Moción en defensa da igualdade de oportunidades das persoas nos procesos selectivos do persoal laboral do Concello. Grupo BNG.

A moción de data 13/07/2015 que foi emendada e informada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 27/07/2015, é a seguinte:

“Moción en defensa da igualdade de oportunidades das persoas nos procesos selectivos do persoal laboral do Concello.

O BNG incluía no seu programa electoral, que no proceso de selección de persoal laboral do Concello íamos defender a igualdade de oportunidade para todas as persoas que puidesen seren contratadas dende o concello.

Creemos que as entrevistas persoais non son exemplo de transparencia, democracia e igualdade e deberían suprimirse nas bases de contratación.

Tamén propoñiamos que nas mesas de contratación estivesen presentes polo menos un representante de cada unha das forzas políticas para igualmente fortalecer a democracia.

Por todo o exposto o BNG solicita do Pleno a adopción do seguinte acordo:

- 1. Favorecerase que todos os procesos de contratación permanente sexan efectuados en base a procesos de concurso-oposición onde a fase de concurso non terá nunca máis peso que a fase de oposición.*
- 2. Favorecerase que na contratación temporal, todas as contratacións sexan efectuadas en base a convocatorias públicas previas.*
- 3. Favorecerase que sexan publicados previamente os baremos que rexen a fase de selección, que incluírán probas obxectivas ou cando sexa en base a concurso, os criterios claros para valorar a candidatos e candidatas.*
- 4. Favorecerase que a publicidade sexa efectuada, aos efectos da súa difusión, como mínimo na web municipal, nos taboleiros de anuncios habituais do concello e nun dos xornais de maior difusión. Alén diso poderá haber mecanismos adicionais (INEM, etc) máis nunca serán substitutivos senón complementarios.”*

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do grupo BNG explica que na comisión informativa rectificáronse algúns puntos porque o secretario dixo que non se axustaban á normativa.

O voceiro do grupo PP di que dado que quitáronse algúns aspectos lle parece correcto.

A voceira do grupo CxG di que a emenda de engadir “favorecerase” aprobada na comisión informativa non é vinculante e sería mellor poñer “comprometerase firmemente” sempre que a normativa o permita.



O voceiro do grupo Independente-CG di que lle parece correcto o que di a voceira do grupo CxG.

A Sra. Alcaldesa di que houbo oportunidades na comisión informativa, que va a garantir que se cumpra iso, e que os traballadores do Concello xa fan todo conforma á lei. Di que hai dificultades para contratar xente como no SAF que as persoas que están na bolsa di que non queren o posto cando se lles chama.

Na segunda quenda o voceiro do grupo BNG di que nos decretos vese que é urxente renovar as bolsas, porque renuncia moita xente e hai que actualizalas, e que mantén a moción así e non acepta a emenda proposta pola voceira do grupo CxG.

O voceiro do grupo PP di que é así, que hai dificultades para veña a xente e logo critican cando contrátase a alguén de fora porque os de aquí non queren o posto, sobre todo en verano.

O voceiro do grupo Independente-CG di que de 40 aprobados nas categorías de peóns so 1 sabía andar co tractor, e fíxose outra bolsa cunha proba práctica e aprobaron so os que sabían, e o mesmo pasa coas outras categorías.

Sometido a asunto a votación foi aprobado por unanimidade dos 13 membros da Corporación.

10.-Moción de petición de ciclos formativos no IES Poeta Díaz Castro. Grupos PSOE e BNG.

A moción de data 22/07/2015 que foi informada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 27/07/2015, é a seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Guitiriz ten unha longa historia de formación profesional que empeza nas instalacións da actual “Casa Habanera” con dous ciclos: un de administrativo e outro de soldadura. Coa construción do edificio actual do centro educativo, estas disciplinas pasaron a formar parte do mesmo. Costou bastante precisamente – debido á súa complexidade- o traslado da maquinaria que se adicaba ás ensinanzas de soldadura.

Co transcurrir dos anos estas ensinanzas foron decaendo paulatinamente e entrando en preocupante desuso as aulas e todo o material- importante en cantidade e calidade- que se adicaba ás mesmas. Como se pode deducir este feito supuxo un importante descenso na oferta educativa do Concello e obrigou a moitos rapaces e rapazas a desprazarse fóra do mesmo, coa conseguinte carga económica para as familias, ou deixar a formación moito antes do que sería preciso, a idades moi preocupantes dado que o mundo do traballo non ofrece, precisamente, posibilidades á mocidade. Na actualidade non existe ningún ciclo formativo no centro guitiricense e xa levamos 9 anos sen eles.

De todos é ben sabido que os concellos rurais, sobre todo os do interior, están a sufrir unha preocupante sangría poboacional e coidamos que a falla dunhas ensinanzas axeitadas a este grupo de persoas contribúe a incrementar o problema.

Por todo o exposto sentimos a imperiosa necesidade de contar polo menos cun ciclo de “Calderería e soldadura” para aproveitar as instalación e a maquinaria existentes e para dar posibilidades á xente nova ó tempo que completa o FP básico que está aprobado no IES de Guitiriz. Lembremos que co anterior PCPI os alumnos podían chegar a acadar o nivel de



CONCELLO DE GUITIRIZ
Rúa do Concello, 4
27.300 GUITIRIZ – LUGO
TEL. 982.370.109 FAX 982.372.178

ESO e coa LOMCE non é posible polo que resulta imprescindible que, cando menos, poidan acceder a un ciclo da súa rama.

En base á anterior argumentación os grupos do BNG e Socialista someten á consideración do Pleno da Corporación o seguintes ACORDOS:

1º.-Solicitar da Consellería de Educación e Cultura que implante no IES Poeta Díaz Castro o ciclo de “Calderería e soldadura” de inmediato.

2º.-Iniciar unha campaña de apoios a esta iniciativa dirixida ós consellos escolares de todos os centros educativos, asociación de pais e nais, Consello Escolar Municipal e público en xeral.”

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do grupo PP di que o problema de fondo é a perda de poboación, e que está a favor de todo o que supoña mellorar a educación e a xuventude.

A voceira do grupo CxG di que apoia a moción ao 100%, que o levan no seu programa electoral, que se poderían solicitar outros ciclos de agricultura ou máis cousas, e que se teña en conta ao seu grupo neste tipo de mocións conxuntas.

O voceiro do grupo Independente-CG di que está a favor da moción.

O Voceiro do grupo BNG di que os lugares máis próximos son Oleiros e Viveiro, que sería moi importante para a comarca da Terra Chá, que non se fixo nada en 4 anos por isto e que habería que traballar entre todos para conseguilo.

Na segunda quenda o voceiro do grupo PP di que fixeron un curso de soldadura xuntando a xente doutros concellos e que o problema no está no alumnado, está no descenso da poboación.

A Sra. Alcaldesa di que iniciará unha campaña para chegar á xente e que se vexa que estamos loitando por iso.

Sometido a asunto a votación foi aprobado por unanimidade dos 13 membros da Corporación.

B) SECCIÓN DE CONTROL

11º.- Dación de conta de comunicados oficiais e resolucións de alcaldía.

11.1. Dar conta das resolucións de alcaldía dende o día 1/06/2015 ata o día 17/07/2015.

12º.- Mocións de urxencia.

En cumprimento do disposto nos artigos 91.4 e 82.3 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, a presidencia pregunta aos grupos municipais se teñen algunha moción para sometela a consideración do Pleno por razóns de urxencia e que non tivera cabida no punto de rogos e preguntas.

Non se presentan mocións de urxencia.



13º.- Rogos e preguntas.

ROGOS:

Voceiro do grupo PP:

1.Revisar as beirarrúas que están levantándose, precísase limpalas e reparar sinais que están tiradas.

Sra. Alcaldesa: Estanse revisando todas e limpando, e arranxándose as sinais.

Voceira do grupo CxG:

1.Hai carencias nas piscinas como gresites soltos que danan aos usuarios, falta de mantemento das instalacións, e necesidade de ampliar o recinto polo incremento de usuarios.

Sra. Alcaldesa: Revisáronse as deficiencias na piscina e para a ampliación haberá que pechar a entrada aos coches e repoñerse a cadea para o ano que ven, está véndose.

2. Limpar o regato para evitar a inundacións no camiño do campo de fútbol ao balneario, xa limpouse outros anos.

Sra. Alcaldesa: Estamos mirándoo pero afecta a terreos privados.

3. Limitar as quendas de intervencións no Pleno.

Sra. Alcaldesa: Sería necesario un regulamento interno, o veremos.

Voceiro do grupo Independente-CG:

1.Este ano debería dar tempo a facer todo o desbroce co tractor, a subvención e os 18.000 euros, xa que os outros anos fíxose todo con menos.

Sra. Alcaldesa: Non fixeron todo, moitas zonas non se tocaron en moito tempo, e este ano van a facerse tarde pero a intención é facelo en prazo para evitar incendios e mellorar a seguridade vial das persoas.

Voceiro do grupo BNG:

1.Restablecer a circulación de vehículos na rúa Xermolos, dende a rúa Tralouteiro ata a praza do Ecce Homo, como estaba antes para os residentes.

Sra. Alcaldesa: Acepto o rogo pero facendo unha enquisa aos veciños.

2.Arranxar o entorno da praza do Ecce Homo porque se encontra nun estado lamentable, non se fixo nada en 4 anos.

Sra. Alcaldesa: Xa se fixo algo, promoción turística, e hai máis cousas por facer, ten que ser un dos espellos de Guitiriz.

3.Notificar o parcial derrube dun dos piares da ponte do río en Parga a administración que corresponda o seu arranxo.



CONCELLO DE GUITIRIZ
Rúa do Concello, 4
27.300 GUITIRIZ – LUGO
TEL. 982.370.109 FAX 982.372.178

Sra. Alcaldesa: si, está o informe para enviar á Deputación, aceptamos o rogo.

4.Reclamar a reposición das liñas de autobuses retiradas en parga e Guitiriz.

Sra. Alcaldesa: Está véndose, aceptamos o rogo.

5.Que se poña un contedor de cartón no campo da feira de Parga.

Sra. Alcaldesa: Xa está para levar.

6.Buscarlle outra ubicación ao contedor de vidro que hai diante do Concello para dar visibilidade os vehículos que se incorporan á nacional VI dende a rúa Deputación.

Sra. Alcaldesa: Haberá que ver outra ubicación, tamén para os outros contedores, haberá que xuntarse con toda a xente que os utiliza e se están de acordo levarlos a outro sitio.

7.Arranxar os desperfectos das beirarrúas, como na rúa do Concello que hai baldosas levantadas.

Sra. Alcaldesa: Hai en moitos sitios, estamos facéndoos, pero hai xente de vacacións en verano.

PREGUNTAS:

Voceiro do grupo PP:

1.Apoiarase a festa da torta de millo en agosto?

Sra. Alcaldesa: A comisión de festas di que non hai cartos, algo haberá que facer, velo coa asociación de bares e cambiar a data.

2.Adxudicouse a obra do Balneario?

Sra. Alcaldesa: Enviouse un modificado a Santiago e están mirándoo.

3.Pediuse a Deputación que arranxara a ponte de Parga? Enviáronse escritos a finais de 2011, 2012 e 2013 para que se arranxara ou certificaran a resistencia e non contestaron.

Sra. Alcaldesa: Si, o vin, intentarase agora que se faga.

Voceira do grupo CxG:

1.Ao concelleiro de deportes: Vaise continuar o proxecto do pavillón?

Concelleiro de deportes: hai que estudalo.

2.Anúlase algunha actividade deportiva ou equipo?

Concelleiro de deportes: Non, non se falou de quitar nada, so dun número mínimo.

3. Sería masculino o equipo?

Concelleiro de deportes: Si.



4. Non pode entrenar no pavillón o equipo feminino?

Concelleiro de deportes: Si, tiveron resposta.

Sra. Alcaldesa: Que veñan a falar aquí e pregunten, van a entrenar hoxe, que conste en acta.

5. Quen fai o transporte no centro de día? Ten contrato?

Sra. Alcaldesa: Os mesmos que antes, están como estaban.

6. Cantas prazas novas hai no PAI?

Sra. Alcaldesa: Estamos dispostos a amplialas, o veremos para o próximo Pleno.

7. Contestouse ao veciño que foi ao Valedor do Pobo?

Sra. Alcaldesa: Si, o Valedor daba un resquicio para concederlle a tarxeta pero segundo o informe da traballadora social e da consellería non se pode dar, e non contestouse antes porque miráronse todas as posibilidades.

8. Como está a praza de aparcamento para o veciño minusválido?

Sra. Alcaldesa: Está solucionándose, deuse a orde de que se faga.

9. Está aplicándose a Lei de dependencia a diminuídos físicos?

Sra. Alcaldesa: Está véndose.

10. Ao concelleiro de medio ambiente, que pasou coa auga da traída?

Concelleiro de medio ambiente: Lle contestarei no seguinte Pleno.

11. Había peces mortos que se recolleron antes de que chegara a prensa e o SEPRONA, quen deu a orde?

Sra. Alcaldesa: Non me consta.

12. Por qué non informouse aos veciños do problema da auga?

Sra. Alcaldesa: Fíxose unha xuntanza e foron 9 persoas, tomouse a decisión máis acertada sen prexudicar a ninguén.

13. Cantos voluntarios hai en protección civil, 25, non está politizado? Antes non tiña tanta xente.

Sra. Alcaldesa: É unha asociación de voluntarios que non cobran.

14. Os hinchables do balneario do Depor foron pagados polo Concello?

Sra. Alcaldesa: Non.

15. Apareceron fotos dos GES en facebook dos veciños excarcelados en Xermade?



Sra. Alcaldesa: Está investigándose, había máis xente.

16. Arranxarase a entrada ao balneario?

Sra. Alcaldesa: Depende se a Xunta acepta o modificado.

17. Esta sesión está sendo gravada en audio ou en vídeo?

Sra. Alcaldesa: Non.

Voceiro do BNG:

1. Como está a retirada do colector que vai o longo do río ata a depuradora?

Sra. Alcaldesa: Pendente da Confederación que son os que pagan.

2. Pode explicar a situación dos vestidos que sufriron os nosos ríos estes últimos días?

Sra. Alcaldesa: Cando chove e hai tempo que está sen chover arrastra e vaia a depuradora e desborda, a ver se corríxese coa nova obra. O último vertido a día de hoxe está medio resolto. Se o Concello non toma medidas sería moito peor porque os outros estamentos non actuaron, e eu estive alí as 12 da noite co técnico de medio ambiente e foron a garda civil e o SEPRONA pero non fixeron nada para arranxarlo, so un expediente sancionador, e a policía autonómica tampouco fixo nada porque dicía que se xa estaba o SEPRONA eles non actuaban. Avisouse a través do 112 e a Confederación non sabía nada e cando viñeron o luns non pasaron polo Concello e os de medio ambiente de Lugo tampouco fixeron nada. Solo colaboraron os de sanidade con analíticas e se o Concello non toma medidas estaría todo o río contaminado.

3. Qué falta para comezar as obras do céspede do campo de fútbol de Parga?

Sra. Alcaldesa: O convenio chegou estes días e están reparándose as invitacións.

Voceiro do grupo independente-CG:

1. A asociación cultural de Vilares solicitou a limpeza do campo, a estrada, os accesos, etc... Vaise facer?

Sra. Alcaldesa: Si, despois de Pardiñas.

Voceiro do grupo PP: Que conste en acta que se limite tamén o número de preguntas e rogos.

Antes de rematar a sesión a Sra. Alcaldesa procede á lectura da seguinte declaración institucional sobre o camiño de Santiago asinada por todos os voceiros dos grupos políticos:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL: “ O Camiño Norte Patrimonio da Humanidade ”

A primeira fin de semana de xullo trouxo dende a cidade de Bonn (Alemaña) un agasallo moi especial á provincia de Lugo que foi enviado pola UNESCO declarando “Patrimonio da Humanidade” o Camiño Primitivo e o Camiño Norte. Esta declaración, que inclúe a catedral



CONCELLO DE GUITIRIZ
Rúa do Concello, 4
27.300 GUITIRIZ – LUGO
TEL. 982.370.109 FAX 982.372.178

de Lugo, xúntase á da muralla romana e fai da nosa unha provincia singular que a ha de converter nun referente mundial dentro do ámbito da cultura.

Como lucenses congratulámonos e enchémonos de fachenda pola distinción, pero como gutiricenses sentimos un orgullo especial porque o noso concello forme parte dos 16 que teñen a honra de aportar territorio ó espazo distinguido como ben cultural. Estamos no Camiño Norte e del forman parte varias parroquias ben representativas entre as que destacan pola súa presenza nos últimos anos: Pígara, Sambreixo e Santa Locadia. Cada unha delas aporta ó Camiño lugares ben interesantes e xentes acolledoras e solidarias que deixarán pegada en moitas persoas que peregrinen.

Debemos analizar con detemento o significado que a distinción supón. Pertencer ó Camiño aporta notable importancia para calquera concello que non podemos pasar por alto. Supón importancia económica xa que os peregrinos que utilizan a senda deixan riqueza no Concello e, como non, riqueza cultural xa que pertencer ó Camiño é formar parte do Patrimonio Mundial.

“Camiñante non hai camino, faise camino ó andar”, o famoso verso de Antonio Machado é unha gran verdade e, como verdade indiscutible, téñeno demostrado os caminantes, os peregrinos a Santiago que dende a Idade Media fixeron o seu camino buscando dende a súa propia casa unha senda para chegar á tumba do apóstolo. Daquela fai xustiza a distinción actual que equipara en recoñecemento as tres variantes que temos na provincia: Camiño Francés, Camiño Primitivo e Camiño Norte.

A nós tócanos formar parte do Camiño Norte que comeza na ponte que atravesa o río Bidasoa en Irún, xusto na fronteira franco-española. É a terceira en número de peregrinos pero unha das máis fermosas e a máis recomendable para facer no verán xa que transcurre en paralelo coa costa cantábrica e nela podemos disfrutar: de penetrantes ulidos naturais como o salitre, iodo, algas, ...; fascinantes sons como o canto das gueivotas, ..., recrear a vista coas verdes pradeiras e as colinas que moitas veces morren directamente no mar, ... É, sen dúbida, a senda máis auténtica e solitaria. Pasa por grandes cidades, pero tamén por paraxes perdidas nas rugosidades do Cantábrico e, durante o seu percorrido, o peregrino atopará misterio, beleza e soidade semellantes ós que vivían os peregrinos medievais; poden sentir que o tempo se detivo naqueles anos do lonxano Medievo.

Chegados a este punto, temos que concluir que camiños a Santiago hai moitos, pero a nós tocounos a sorte de formar parte dun dos distinguidos pola UNESCO. Afirmamos que foi unha gran sorte, aínda que a mesma conleva unha grande responsabilidade, xusto a que nos toca a nós como responsables públicos liderar, compartir e transmitir para que a distinción teña o éxito que merece e, entre todos sexamos quen de perpetuar no tempo este BEN.

Cecais conveña lembrar que para que un ben chegue a ser declarado Patrimonio da Humanidade ha de reunir certos rasgos que o fan merecedor de tal distinción. No caso que nos ataíña, o Camiño Norte foi, e segue a ser, un intercambio de valores humanos. Aporta unha testemuña excepcional da historia europea a través das preregrinacións e un legado monumental e paisaxístico sobresaínte en cantidade e calidade. É auténtico polo vasto marco onde se desenrola.

Os lugares, monumentos ou bens culturais considerados patrimonio da humanidade acceden a unha serie de beneficios: prestixio internacional, meirande conciencia dos cidadáns para preservar esa herdanza, acceso a un fondo de 4 millóns de dólares destinados a colaborar cos países para a identificación, promoción e coidado dos mesmos e contando coa posibilidade de asirtir, en caso de emerxencia, na reparación dos danos causados por desastres. Tampouco se pode pasar por alto a verdadeira filosofía da decisión e hai que ter presente que. “Un Ben



CONCELLO DE GUITIRIZ
Rúa do Concello, 4
27.300 GUITIRIZ – LUGO
TEL. 982.370.109 FAX 982.372.178

declarado Patrimonio da Humanidade é un legado da Comunidade Internacional e a súa presenza nun determinado país, esixe a este país un incremento de imaxinación, de preocupacións e de gastos para conquistar a súa protección e defensa”.

Como partícipes desta fermosa aventura queremos destacar e divulgar que existe unha necesidade

de protección do Camiño a cal supón un reto común ás administración e ós particulares. Resulta imprescindible sumar esforzos mediante a colaboración e a coordinación se queremos conservar a distinción que vimos de acadar. A coordinación das diferentes administración é fundamental e require da posta en marcha dun plan de coordinación do cuidado e a promoción dos camiños Patrimonio da Humanidade. Varios expertos apuntan dous retos inmediatos que todos debemos asumir: dar seguridade ós peregrinos –para o que resulta imprescindible sacalos da estrada para evitar accidentes- e a coordinación da todas as administración.

Dende o Concello de Guitiriz, por consenso de toda a Corporación, sumámonos ó reto e prometemos traballar por: a seguridade, a promoción, a conservación e a coordinación coas outras administración e co asociacionismo municipal.”

Non habendo máis asuntos a tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 21.55 horas de todo o que como secretario dou fe.

A alcaldesa

O secretario

Regina Polín Rodríguez

Rafael del Barrio Berbel